



Tel. 986 76 84 09  
Fax 986 76 84 11

**C O N C E L L O**  
DE  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

**ANUNCIO**

Aprobada inicialmente polo pleno do Concello de Fornelos de Montes, en sesión de data 27 de outubro de 2016, a Ordenanza municipal de regulación de peches de parcelas, peches vexetais e plantación de sebes, arbustos e árbores ornamentais en Fornelos de Montes, ábrese un período de información pública por prazo de 30 días hábiles, contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da provincia, para que poida ser examinada na Secretaría do Concello e presenta-las reclamacións e suxestións que se estimen pertinentes.

En caso de non presentarse ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado dito acordo.

Fornelos de Montes, 27 de outubro de 2016

**O ALCALDE**

**Emiliano Lage Rodríguez**





**C O N C E L L O**  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

**DECRETO:**

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 a) e j) que os concellos exercerán, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunicades Autónomas en materia de urbanismo e en materia de protección da salubridade pública.

O informe emitido polo arquitecto técnico municipal deixa constancia da falta de concreción do PXOUM Fornelos de Montes para atender ás condicións que deben reunir os peches das parcelas.

Resulta necesario con maior detalle esta materia en Fornelos de Montes, evitando os problemas de convivencia entre veciños que provocan os peches de parcelas vexetais ao non existir unha regulación clara e definida, sobre medidas de distancia a lindeiros, alturas, obrigas, etc.

En consecuencia, e previo informe da Secretaría Xeral, propónse ao Pleno a aprobación da seguinte Ordenanza municipal de regulación de peches de parcelas, peches vexetais e plantación de sebes, arbustos e árbores ornamentais en Fornelos de Montes:

**ORDENANZA URBANÍSTICA REGULACIÓN DE PECHES DE PARCELAS, PECHES VEXETAIS E PLANTACIÓN DE SEBES, ARBUSTOS E ÁRBORES ORNAMENTAIS**

**Antecedentes**

Os peches de parcelas vexetais nas fincas do termo municipal de Fornelos de Montes é algo moi común no municipio, pero que moitas veces provocan problemas de convivencia entre os veciños, ao non existir unha regulación clara e definida, sobre medidas de distancias a lindeiros, alturas, obrigacións, etc.

Co obxecto de evitar estes problemas e que se respecten os dereitos duns e outros, é polo que se fai necesario ter unha ordenanza reguladora que deixe claro como deben exporse e manterse estes peches vexetais.

Debe considerarse o disposto polo artigo 591 do Código Civil: "non se poderá plantar árbores preto dunha propiedade allea senón á distancia autorizada polas ordenanzas ou o costume do lugar, e na súa falta, á de 2 metros da liña divisoria da propiedade se a plantación fose de árbores altas e de 50 centímetros se a plantación é de arbustos ou árbores baixos. Todo propietario ten dereito a pedir que se arrinquen as árbores que en diante se plantasen a menor distancia." (Unha reiterada xurisprudencia veu a definir "árbores baixas" como aquelas podadas para crear sebes cunha altura limitada).

Nos artigos 592 e 593:

Art. 592: "Se as ramas dalgunhas árbores se estenderan sobre unha herdade, xardíns ou patios veciños, terá o dono destes dereito a reclamar que se corten en canto se estendan sobre a súa propiedade e, se foran as raíces das árbores veciñas as que se estendesen en chan doutro, o dono do chan en que se introduzan poderá cortalas por si mesmo dentro da súa herdade".

Art. 593: "As árbores existentes nun sebe vivo medianeiro presúmense tamén medianeiros e calquera dos donos ten dereito a esixir a súa derriba. Exceptúanse as árbores que sirvan de mouteiras, os cales non



# C O N C E L L O

D E

## FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

poderán arrincarse senón de común acordo entre os lindantes."

Sen dúbida resulta obrigada o artigo 390 no relativo á responsabilidade dos propietarios polos danos que poidan vir producir as árbores co seu crecemento:

Art. 390: "Cando unha árbore corpulenta ameazara con caer de modo que poida causar prexuízo a unha leira allea ou aos transeúntes por unha vía pública ou particular, o dono da árbore está obrigado a arrincalo e retiralo; e se non o realizara, farase á súa costa por mandato da autoridade".

Debe considerarse igualmente potestade municipal a de sinalar unha altura máxima para as árbores ornamentais cando alcancen un tamaño tal que xeren prexuízos á saúde, aireación ou soleado das parcelas lindeiras, podendo con tal causa ordenar a súa poda ou talla.

Igualmente debe limitarse o tamaño das árbores ornamentais pois o seu crecemento incontrolado supón, en zonas urbanas, danos coas súas raíces ás edificacións, tubaxes, beirarrúas e conducións próximas.

Propónse polo anteriormente exposto a seguinte ORDENANZA:

Artigo 1.- Obxecto.

Constitúe o obxecto desta Ordenanza a regulación das distancias, alturas, deseño e conservación das plantacións de peches vexetais entre parcelas, dos sebes e arboredo ornamental no municipio de Fornelos de Montes, tanto nos lindes con outras parcelas urbanas ou rústicas como coa vía pública.

Artigo 2.- Ámbito

Establécese como ámbito de aplicación obrigatoria desta Ordenanza todos os chans rústicos e urbanos do termo municipal de Fornelos de Montes.

Artigo 3. Vixencia.

Esta Ordenanza comezará a rexer desde a data da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra unha vez fose aprobada definitivamente.

Artigo 4.- Condicións Xerais.

Esta ordenanza será de aplicación xeral a todas as leiras do municipio, debendo axustarse ás súas determinacións tanto as novas plantacións como as existentes.

Artigo 5.- Condicións especiais.

Os elementos vexetais preexistentes protexidos poderán estar exentos do cumprimento desta ordenanza mediante procedemento expreso que xustifique o seu mérito ou por vir incluídos no Catálogo do PXOM ou no Catálogo Galego de Árbores Singulares.

Artigo 6.- Cerramentos.

Os peches axustaranse ás solucións construtivas definidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal PXOM, que esta Ordenanza estende nalgúns aspectos.

As alturas sinaladas neste artigo han de medirse desde a rasante da terreo propiedade do que solicite a execución do peche.

Os peches poderán dividirse en tramos horizontais para adaptarse ao perfil do terreo, sempre que os desniveis non pasen UN (1) metro de altura.

Quedan expresamente prohibidos os peches executados con arame de espiño.

1. Peches de fronte de parcela.

Os peches de parcelas a viario ou espazos públicos resolveranse mediante un zócalo de sillería, mampostería, formigón abuxardado, muro de bloque de formigón rugoso ou fábrica de ladrillo cara vista, cunha altura máxima DE UN E MEDIO (1,50) metros, e completado, no seu caso, mediante proteccións diáfanas esteticamente admisibles, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura total máxima de DOUS (2) metros medidos á rasante da beirarrúa ou do terreo lindante.

2. Prohibición de remates punzantes. En ningún caso permitirase o remate de cerramentos con elementos punzantes ou cortantes que poidan supoñer perigo para as persoas ou os animais (vidros, arame de espiño, etc.)

3. Peches entre parcelas lindeiras. Os peches entre parcelas lindeiras poderán resolverse con outros



## C O N C E L L O

D E

### FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

materiais, como as telas metálicas e a súa altura non será superior tampouco a DOUS (2) metros.

#### Artigo 7. Peches arbustivos.

Os peches de leiras poderán ir trasdosados ou directamente constituídos con sebe vivo ou brezo, utilizando para tal fin calquera das especies convencionalmente utilizadas para tales disposicións. Estes arbustos plantaranse a unha distancia mínima de MEDIO METRO (0,50) do lindeiro. O titular do devandito sebe deberá á súa costa económica e cunha periodicidade polo menos ANUAL podar o sebe en toda a súa extensión, deixándoo á mesma altura que o peche da leira, é dicir, a DOUS (2) metros sobre a rasante. O sebe ou plantación deberá manterse sempre podado en horizontal de modo que non invada a vía pública nin a leira do veciño lindeiro.

#### Artigo 8.- Plantación de árbores.

A plantación de árbores como elemento ornamental en chan urbano, acollerase ás seguintes condicións.

1. Utilizaranse preferentemente especies autóctonas.
2. Gardarán unha distancia de DOUS (2) metros respecto da parcela lindeira (dita distancia medirase ao centro do tronco).
3. A altura máxima permitida para o crecemento das árbores ornamentais en chan urbano será de CATRO (4) metros cando estean situados a esta mínima distancia sinalada, podendo só superarse esa altura cando a distancia ao lindeiro sexa maior, sen superar nunca a altura o dobre da distancia á parcela lindeira ou á fronte de parcela.

O titular do devandito arboredo deberá á súa costa económica e cunha periodicidade polo menos ANUAL podalo, eliminando as ramas mortas e axustando a súa altura e copa ao definido no apartado anterior.

#### Artigo 9.- Outras limitacións.

Deberán evitarse as especies que xeren problemas de salubridade pública, caída incontrolada de follas, espiñas ou froitos sobre a vía pública ou parcelas contiguas, pole alérxeno, etc. Poderá o concello no seu caso impoñer a remoción dos devanditos elementos.

#### Artigo 10.- Réxime Sancionador.

O incumprimento desta ordenanza considerase infracción urbanística e virá sancionado conforme o TÍTULO VI CAPÍTULO III da Lei 2/2016 do solo de Galicia. Nos casos de incumprimento dos deberes de conservación, poda e mantemento contemplados nesta ordenanza poderá aplicarse o sistema de multas coercitivas impostas de maneira reiterada ata conseguir o cumprimento da resolución contemplado no artigo 152 da citada Lei.

En Fornelos de Montes, a 20 de outubro de 2016.

O Alcalde

D. Emiliano Lage Rodríguez

